

ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DE USUARIOS DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DO MES DE XUÑO.

Esta alcaldía, por Resolución núm. 378/2026 do 8 de xuño de 2026, aprobou a liquidación do padrón do prezo público das actividades deportivas do mes de xuño de 2026, queda a disposición de todos aqueles usuarios que desexen consultalo a partir da data desta publicación.

O aboamento das taxas cargarase no número de conta facilitado por cada un dos titulares dos usuarios das escolas deportivas. Finalizado o prazo de aboamento iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de contrinximento, con cargo do 20% e os xuros de demora que se devenguen desde o antedito período. Non obstante, o recargo será do 5% e non se esixirán xuros de demora se a débeda se aboase antes de recibir a notificación de providencia de contrinximento.

PERIODO E LUGAR DE CONSULTA

O padrón de usuarios das actividades deportivas do mes de xuño de 2026 poderá ser consultado na Oficina Municipal de Curtis ou ben na Casa do Concello, durante o periodo de quince días hábiles dende o día seguinte a esta publicación.

RECURSOS

Contra o Padrón de Usuarios todos os interesados poderán interpor recurso de reposición, segundo disposto no artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó remate da exposición ó público do Padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime oportuno.

Documento asinado electrónicamente pola alcalde Javier Francisco Caínzos Vázquez, na data que figura na marxe.